



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

Segundo RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 29-09-2021), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ó Consello Escolar, SECTOR DOS PAIS/NAIS, segundo as normas seguintes:

- 1.- **Conforme ao establecido no artigo 37, 39 e 41** (redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro) **do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG 21/10/1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a dous pais/nais** dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar (Un representante no Consello Escolar o elixe a ANPA do colexio e os outros dous representantes dos pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018).
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, o titores legais do alumnado matriculados no centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado á Xunta Electoral, ata as 14:00 h. do día 15 de novembro.
- 3.- **Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 8 de novembro ata as 14:00 h. do día 15 de novembro (a solicitude para presentar candidatura está a vosa disposición na secretaría e na web do centro).**
- 4.- **O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidato, o día 16 de novembro, ás 09:10 h. Dita mesa electoral estará composta polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando como secretario/a o/a de menor idade.**



- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 19 ó 24 de novembro, ambos días incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición o presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do colexio.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais do alumnado matriculado no centro, propostos pola ANPA ou avalados para tal fin pola firma de 10 electores.
- 7.- As votacións realizaranse neste colexio o día 25 de novembro, de 12:00 h ás 14:00 h e de 16:00 h ás 18:00 h. A mesa electoral será constituída o mesmo días , en acto público, ás 11:50 h.**
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de 1 dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.**
- 9.- Teñen dereito ó voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envía á Xunta Electoral do centro.
- 11.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 4 de novembro de 2021

O director e presidente da Xunta Electoral

Carlos Vázquez Fernández